

SINOPSE

O argumento en formato de comedia, infestado de enredos e paixóns, xira ao redor da bela Rita (soprano), quen lle fai a vida imposible ao seu segundo esposo: o torpe e zarapalleiro Beppe (tenor). Rita vinga nel todo o mal que lle produciu Gaspar, o seu primeiro marido. Se o tal Gaspar (barítono) a facía traballar ata vela extenuada, ela faille padecer o mesmo de Beppe. Todo continúa igual ata que un bo día reaparece Gaspar, a quen se daba por morto, e sucede o inesperado: ambos os dous maridos enfróntanse non co propósito de conservala senón de librarse de Rita.

ADAPTACIÓN

A ópera, unha comedia doméstica formada por oito números musicais enlazados con diálogo falado, terminouse en 1841 baixo o título *Deux hommes et une femme* (Dous homes e unha muller), describindo as relacións de parella no S. XIX. Nunca foi representada en vida de Donizetti. O libreto orixinal "Rita e o marido mallado" narra unha historia que tal e como está, xa non ten graza algunha. Unha nova proposta escénica actual, dinámica e divertida que, en mans de Luz Alonso (directora de escena), cobra todo un sentido e carácter educativo que nos ensina a respectarnos e a tratar con agarimo a quen nos rodea.

CRÉDITOS

Arranxo musical: Alejandro Valcárcel

Edición de partituras: Alejandro Valcárcel, Ángela Neto, Sonia Avilés, Mercedes Rodicio

Escenografía: Carlota Salgado

Iluminación: Alejandro Valcárcel

Adaptación e proxección de textos adaptados: Alba Díaz

Rexedora: Luz Alonso

Son: José Manuel Dapena

Imaxe: Juan Lameiro

Coordinador EDLG: Fernando Rei



ÓPERA RITA

MÚSICA: G. Donizetti

LIBRETO: Gustave Vaëz

*DIRECCIÓN MUSICAL:
Alejandro Valcárcel*

*DIRECCIÓN ESCÉNICA:
Luz Alonso*

ELENCO



RITA - Dona do Hostel -
Soprano: Anna Melikhova



BEPPE - Actual esposo de Rita -
Tenor: Christian Losada



GASPAR - Primeiro marido de Rita -
Barítono: Pablo Nieves

ORQUESTRA:

Roberto Santamarina (violín)

Gonzalo Muiño (violín)

Ângela Neto (violín)

Aldara Palmeiro(violín)

(viola) Adela Beiro

(viola) Iria Levoso

(Cello) Xesus Seoane

(Cello) Xulio Lemos

(Contrabaixo) Laura Cernadas

(Contrabaixo) Jésica Paz

(Frauta) Noelia Ramos

(Óboe) Cecilia Castro/ Gonzalo Arévalo

(Clarinete) José Carlos Díaz

(Trompa) Darío Neira

(Fagot) Belén Carril



GAETANO DONIZETTI

Donizetti é considerado un dos pais da ópera romántica. Sendo mozo, estudou arquitectura e leis, pero pronto as abandonou pola música, o debuxo e a poesía. Para abordar estas disciplinas inscribiuse na escola de música da súa cidade, Bérgamo. Alí coñeceu as partituras de Rossini, que o influíron. Logo foi a Bolonia, onde estudou baixo a tutela do pai Mattei. Ingresou no exército austríaco, pero seguiu componendo. Con Zoraide de Granada obtivo un gran éxito e foi nomeado como "rei da ópera", conseguindo que o dispensasen do servizo militar. A súa fama foi internacional. Pasou os seus últimos anos recluído nun sanatorio mental.

Pianista e repertorista:

Alba Díaz
